

**BASES ESPECÍFICAS PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN/DUNHA PSICÓLOGO/A PARA O DESENVOLVEMENTO DO SERVIZO DE ESTIMULACIÓN COGNITIVA PARA PREVER E/OU FREAR DETERIOROS.**

**1. - OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

Selección e contratación laboral temporal de Convocatoria selección personal laboral temporal de un/unha psicólogo/a para o desenvolvemento do servizo de estimulación cognitiva para previr e/ou frear deterioros.

**2.- FINANCIACIÓN DA CONTRATACIÓN.**

Actividad subvencionada por a Excma. Deputación Provincial de A Coruña mediante resolución núm. 16224 de data 18 de agosto de 2009.

**3.- NÚMERO DE CONTRATOS.**

Uno.

**4. - DURACIÓN DO CONTRATOS.**

-Dende 15.10.2009 a 15.06.09.

**5.- MODALIDADE DE CONTRATACIÓN.**

Contrato de obra o servizo regulado no R.D. 2720/1998.

**6. - RETRIBUCIÓNS. -**

As retribucións serán as que figuran na “Táboa salarial do persoal laboral do Concello de Cedeira” para o exercicio 2009.

**7. - SISTEMA DE PROVISIÓN. -**

Concurso-Oposición

**8. - XORNADA LABORAL. -**

17 horas e 45 minutos semanais (50 % da xornada).

**9. - REQUISITOS DOS ASPIRANTES.**

Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes:

A).- Ser de nacionalidade española ou nacional dos demais Estados membros da Unión Europea. A tal efecto e en cumprimento do regulado no artigo 57 da LEY 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público, terán a mesma consideración, calquera que

sexa a súa nacionalidade, a/o cónxugue dos españois e demais nacionais de outros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estén separados de dereito e aos seus descendentes e aos do seu cónxugue sempre que non estén separados de dereito, sexan menores de vinteun anos ou maiores de dita idade dependentes.

Poderán acceder en igualdade de condicións os extranxeiros con residencia legal en España.

**B).**-Ter cumpridos os 16 anos de idade.

**C).**-Titulación esixida: Licenciatura en Psicoloxía

**D).**-Non ter enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida ou sexa incompatible co normal desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta. As persoas con algunha minusvalidez deberán facelo constar na súa solicitude, sinalando se precisan de adaptación para realizar as probas. A condición de minusválido e a súa compatibilidade acredítasense con certificación da Delegación Provincial de Sanidade e Servizos Sociais.

**E).**-Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

**F).**-Non ser separado, mediante expediente disciplinario, do servizo da Administración do Estado, Comunidade Autónoma ou das Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

Os anteriores requisitos deberán reunirse con referencia ao último día do prazo de presentación de

solicitudes, e gozar destes ata a toma de posesión, sendo nulo o nomeamento dos aspirantes que estean incurso en causas de incapacidade segundo a normativa vixente.

## **10. PUBLICIDADE**

No BOP publicarase anuncio comprensivo do acordo de aprobación da convocatoria, do prazo de presentación de proposicións e do lugar no que poderán obterse as bases do proceso selectivo.

No taboleiro de anuncios do Concello publicaranse as bases integras do proceso selectivo.

O resto de actos do proceso selectivo publicaranse exclusivamente no taboleiro de anuncios do Concello.

## **11. - PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**

Presentaranse no Rexistro Xeral de Entrada de documentos do Concello de Cedeira no prazo de 6 días naturais, dende o seguinte ao da súa publicación no BOP.

As solicitudes presentaranse no modelo de instancia que se facilitará nas oficinas municipais e irán acompañadas de fotocopia do DNI e da documentación acreditativa dos méritos alegados, os cales serán obxecto de compulsa no Rexistro de Entrada de Documentos.

Ditarase Resolución de Alcaldía coa relación de admitidos e excluídos sen que se conceda prazo de rectificación debido a necesaria axilidade no procedemento.

## **12. - COMISIÓN SELECCIONADORA.**

A comisión seleccionadora estará formada por un presidente, un secretario e tres vocais empregados públicos fixos de plantilla de calquera Administración que serán nomeados por Resolución de Alcaldía.

## **13. - CRITERIOS DE SELECCIÓN**

### **Fase de concurso (10 puntos):**

a) Experiencia profesional en postos de funcións iguais ou similares (máximo 5 puntos): Por cada seis meses ou fracción: 0,5 puntos (debe acreditarse mediante certificación da vida laboral adxuntando copia de cada contrato no caso de empresa privada ou certificado da administración pública correspondente no que se especifique este extremo). Valorarase como experiencia profesional atendendo exclusivamente ao tempo traballado con independencia da xornada laboral exercida segundo o contrato, deste xeito puntuará o mesmo a media xornada que a xornada completa.

b) Formación profesional (máximo 4 puntos).

Por cada curso directamente relacionado coas funcións propias do traballo a desenvolver, realizados polas administracións públicas, universidades, Inem, servizo galego de colocación, así como cursos homologados ou declarados de interese pola Administración: Cada curso puntuarase na proporción de 0,01 punto por hora de duración.

\*Coñecementos de galego. ( máximo 1 punto).

-Celga 3 ou equivalente: 0,5 pts.

- Celga 4 ou equivalente: 1 pto.

### **Fase oposición 15 puntos:**

Consistirá na realización dun exame por escrito dun máximo de 10 preguntas a determinar por parte da Comisión Seleccionadora relacionadas co traballo a realizar e a aptitude do traballador, que pode a petición da comisión seleccionadora ter que ser leído por parte dos candidatos.

## **14. - SUBSTITUCIÓNS E RENUNCIAS.**

No caso de renuncias á formalización do contrato ou sobrevidas con posterioridade á devandita formalización, procederase a designar os aspirantes por orde de puntuación obtida na selección sen necesidade dunha nova selección, formalizando o novo contrato polo prazo que quede para finalizar a contratación inicial.

## **15.- FORMACIÓN DE BOLSAS DE TRABALLO.**

Cos aspirantes que no resulten seleccionados para o contrato formarase unha bolsa de traballo segundo o orde de puntuación obtida para nomeamentos interinos ou contratacións laborais temporais en postos de traballo de contido equivalente de acordo coas seguintes

normas **que se establecen a continuación.**

### **Os chamamentos aos aspirantes.**

Os chamamentos faranse polo medio máis urxente que permita ter a constancia da súa recepción.

Nos supostos nos que a necesidade de cobertura dun posto non fose previsible coa antelación suficiente ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas, fose necesario a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefonicamente. Neste suposto, a/o funcionaria/o que as realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tiveron ou non resposta.

### **Suspensión dos chamamentos.**

1. De oficio.

A aceptación dun chamamento suporá a suspensión dos chamamentos ata que cese o primeiro nomeamento.

2. Por solicitude do/a interesado/a.

Os integrantes da bolsa de traballo que non se atopen prestando servizos poderán solicitar a suspensión das citacións mediante solicitude para o efecto formulada.

A dita solicitude, que será irrenunciable, terá efectos suspensivos nas citacións. Os seus efectos produciranse desde o décimo día natural seguinte contado desde a presentación da solicitude de suspensión no rexistro do órgano competente. O tempo de duración desta, a elección da/o interesada/o, será de dous, seis ou doce meses computados desde a data de efectos da suspensión.

### **Situación na Bolsa de Traballo.**

1. Os integrantes da bolsa de traballo non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda, de tal maneira que se o nomeamento para a que son chamados finaliza, retornarán ao posto que novamente lles corresponda na lista.

2. Os integrantes da Bolsa de Traballo que, sendo convocados para facer efectiva a contratación ou nomeamento segundo o disposto na base novena, non se presentaran ou renunciaran a esta, perderán os seus dereitos quedando excluídos da lista por un ano, debendo solicitar de novo a súa inscrición unha vez transcorrido o dito prazo.

A mesma consecuencia terá a renuncia á continuidade no desempeño dun posto de traballo.

### **Nomeamentos e Cesamentos.**

Poderán conferirse nomeamentos interinos ou contratacións laborais temporais para o desempeño de postos de traballo que encóntrense vacantes ou non vacantes. Neste último caso será causa suficiente a situación de ILT ou vacacións do seu titular.

Previo ao nomeamento deberá solicitarse informe de existencia de crédito á Intervención Municipal.

Unha vez comparecera o aspirante chamado segundo o orde da Bolsa de Traballo, o Sr. Alcalde por Resolución procederá ao seu nomeamento para o desempeño do posto de traballo correspondente.

O cese produciráse por Resolución da Alcaldía cando aconteza algunha das causas recollidas no artigo 5.2 da ley de funcionarios civiles del estado (D 315/1964).

**Retribucións.**

Os integrantes da bolsa de traballo aos que se lles confira nomeamento interino ou cos que se formalice contrato laboral temporal para o desempeño de posto de traballo percibirán as retribucións no anexo de persoal do Orzamento do Concello de Cedeira para o ano correspondente para o posto de traballo correspondente,

**Extinción da Bolsa de Traballo.**

A bolsa de traballo formada como consecuencia do proceso selectivo que regulan estas bases extinguirase unha vez transcorridos dous anos a contar desde a data da publicación no BOP da Resolución da Alcaldía que a aprobe.

**16. - RÉXIME XURÍDICO APLICABLE.**

En todo o non previsto expresamente nas presentes bases, serán de aplicación as Bases Xerais para a contratación de persoal laboral temporal do Concello de Cedeira, aprobadas na sesión plenaria do día 17 de abril de 1997, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 110, do 15 de maio de 1997, o Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, o Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Lei 7/2007 e demais normas de aplicación.